



A Xunta de Galicia, mediante Decreto, fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia para cada curso académico.

A continuación, informamos dos prezos orientativos de máster universitario oficial para o curso 2025/26.

PREZOS APROXIMADOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO POR CURSO ACADÉMICO

Rama de coñecemento	Prezo aproximado dun curso (60 ECTS) en primeira matrícula para alumnado con residencia en España ou na UE	Prezo aproximado dun curso (60 ECTS) en primeira matrícula para alumnado sen residencia en España ou na UE
Arte e Humanidades	591,00 €	738,60 €
Ciencias	835,80 €	1044,60 €
Ciencias da Saúde	835,80 €	1044,60 €
Ciencias Sociais e Xurídicas	591,00 €	738,60 €
Enxeñaría e Arquitectura	835,80 €	1044,60 €

Tarifas de secretaría

Apertura de expediente	22,31 €
Expedición e mantemento de tarxeta	4,79 €
Seguro escolar obrigatorio (alumnado menor de 28 anos nacional dun estado membro do EEES)	1,12 €
Seguro HAC LUCE ACCIDENTES	10,00 €

Alumnado con títulos universitarios alleos ao EEES sen homologar

Solicitud de recoñecemento do nivel de formación de estudos estranxeiros	27,09 €
--	---------

PAGAMENTO DE MATRÍCULA

No momento de realizar a matrícula pódese optar por efectuar:

- ✓ un único pagamento (importe íntegro da matrícula), que se deberá realizar nos 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula.
- ✓ fraccionar o pagamento da matrícula en 4 prazos: no primeiro prazo págase o 40% do importe e as taxas de secretaría, no segundo o 30%, no terceiro o 20% e no 4º prazo o 10% restante.

Tense que abonar o 1º prazo nos 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula e, o resto, nos prazos que establezca a Normativa de Xestión Académica do curso correspondente (no curso actual o 2º prazo págase en novembro, o 3º en xaneiro e o 4º en marzo).

Formas de realizar o pagamento: directamente cunha tarxeta de crédito/débito a través dunha [pasarela de pagamentos](#) ou, co impreso de resgardo da matrícula, en calquera das entidades bancarias indicadas no mesmo. No caso de pagamento íntegro nun só prazo, poderase tamén domiciliar o pagamento (só para contas españolas).